

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 15 de febreiro de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes. Este mes, por acordo adoptado na Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, terá lugar o xoves, día 15 de febreiro de 2024.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 15 de febreiro de 2024**, ás 17:30 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/10X/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xaneiro de 2024.

2. 2023/16720A PRESIDENCIA

Aprobación inicial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024.

3. 2023/17403L PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para a execución das obras de “reposición da obra de paso dun regato na estrada OU-1202 p.q. 13+510”, no termo municipal de Muíños.

4. 2024/2078P PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a apertura dunha liña de axudas regular, ampla e consecuente dirixida ao sector agropecuario provincial.

5. 2024/2172X PRESIDENCIA

Moción do BNG para a defensa dos sectores agrodandeiros da provincia de Ourense

6. MOCIÓN DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.